Darío Xohán Cabana, un dos nosos medievalistas

Darío Xohán Cabana, one of our medievalists

Xosé Miguel Andrade Cernadas
(Universidade de Santiago de Compostela / josemiguel.andrade@usc.es)

Data de recepción: 06/01/2023 – Data de aceptación: 05/06/2023

Resumo: Neste traballo trato de mostrar o importante que foi a Idade Media, sinaladamente a galega, na obra de Darío Xohán Cabana. Despois dunha breve exposición na que reviso a pegada do medievo na literatura escrita en galego anterior a Cabana, analizo o seu coñecemento das fontes e da literatura medieval e o impacto que tivo na súa obra lírica, ensaística, narrativa e como tradutor.

Palabras chave: Idade Media, literatura artúrica, García de Galicia, Galicia, Reino.

Sumario: 1. Limiar. 2. A escrita da historia e a literatura de temática medieval: de finais do século XIX até a Guerra Civil. 3. A literatura da Galicia da posguerra e a nosa Idade Media. 4. Un medievalista de seu. Referencias bibliográficas.

Abstract: In this article I try to show how important the Middle Ages, particularly the Galician Middle Ages, were in Darío Xohán Cabana's literary works. I start reviewing the impact the Middle Ages had on Galician Literature prior to Cabana. Then I discuss his familiarity with the written sources and with Medieval Literature and the impact it had on his poetry, prose fiction, essay writings, and on his translations.

Keywords: Middle Ages, Arthurian Literature, García of Galicia, Kingdom of Galicia.

Contents: 1. Introduction. 2. History writing and literature with the Middle Ages as subject matter – from the late 19th century until the Spanish Civil War. 3. Post-War Galician literature and the Galician Middle Ages. 4. A medievalist in his own right. Bibliographic references.

1. Limiar

A relación entre a historia, sinaladamente a historia medieval, e a literatura é longa, fecunda e complexa. Son moitos os escritores que, ao longo dos séculos, teñen mirado para os tempos medievais na busca de inspiración ambiental, temática ou espiritual. Nese mesmo sentido tamén foron moitos os historiadores que escribiron novelas situadas no medievo. Esta ollada retrospectiva cara á Idade Media comeza, de modo principal, co Romanticismo do século XIX que, como é ben coñecido, atopa na época medieval unha das súas referencias esenciais en moitos ámbitos. A Idade Media, e non sen razón, comeza ser percibida como a época de xestación das nacións modernas, de consolidación das linguas vernáculas e un período xerminal para entender as realidades contemporáneas.

2. A escrita da historia e a literatura de temática medieval: de finais do século XIX até a Guerra Civil

Galicia non é, loxicamente, excepción. De feito un dos primeiros historiadores modernos do país, entendendo a modernidade como sinónimo de practicar unha historia rigorosa e apegada ao que din uns documentos que coñece polo miúdo e comprende moito máis a fondo do que viña sendo habitual, é, ao mesmo tempo, un dos primeiros novelistas que miran cara á Idade Media para a ambientación de parte da súa produción literaria. Estoume a referir a Antonio López Ferreiro (1837-1910), cóengo e arquiveiro da Igrexa de Santiago e autor dunha monumental historia da catedral que aínda hoxe segue a ser, en máis dun aspecto, obra de referencia obrigada (Sánchez, 2010). Alén desa principal actividade e do seu labor arqueolóxico, escribiu dúas novelas ambientadas na Galicia medieval: *O castelo de Pambre* (1895) e *O niño de pombas* (1905). A duplicidade de López Ferreiro, como historiador e novelista, marca un xiro na relación entre as dúas disciplinas no caso de Galicia.

En paralelo a López Ferreiro e no eido do que poderiamos chamar historiografía civil sobresae, con luz propia, Manuel Murguía (1833-1923) (Barreiro, 2012). Mentres que o cóengo compostelán centraba os seus traballos históricos na pegada deixada pola igrexa xacobea, o polígrafo de Arteixo atendía ao conxunto da historia de Galicia. A súa *Historia de Galicia* (1865-1911), obra publicada en cinco volumes, non se centraba exclusivamente no foco compostelán, nin tan só no aparente protagonismo eclesiástico na historia do país, porén facía unha lectura global e discursiva pola nosa traxectoria histórica. Tamén el, como López Ferreiro, escribiu textos literarios ambientados no medievo. No caso de Murguía sobresae a súa novela sobre Diego Xelmírez (1856) que antecede, curiosamente, ao estudo propiamente histórico que vai facer sobre o propio arcebispo compostelán (1898).

No caso dos autores que conforman a Xeración Nós non é a época medieval a que concentra o esencial da súa atención polo pasado. O mundo castrexo e o celtismo (González García 2021) eríxense como os acontecementos que son sinalados como referenciais na historia de Galicia. Este enfoque contrasta coa visión daquela imperante na cultura española, que facía da Idade Media un dos momentos da forxa do suposto espírito español. Dende o xurdimento da historiografía liberal española, con Modesto Lafuente como un dos seus máximos expoñentes, temas como o reino visigodo (con memorización incluída da listaxe dos seus reis) ou a Reconquista, ocupaban un espazo hexemónico na visión da historia de España. Os historiadores de comezos do século XX non variaron de paradigma facendo da época medieval o momento de eclosión da españolidade e apuntando, aínda máis enfaticamente que os precedentes, cara ao protagonismo de Castela e a infravaloración, cando non absoluto esquecemento, do papel histórico desenvolvido por Galicia e outros territorios considerados por eles como periféricos. A figura de Claudio Sánchez-Albornoz (1893-1984), un historiador dunha gran formación e influencia académica e mesmo política, pode servirnos como exemplo ben representativo desta situación. Para el a cerna da historia de España é a loita contra o poder musulmán na Península dentro do cadro, máis ideolóxico que propiamente histórico, da Reconquista, e o singular peso xogado por Castela como espazo de homes libres, colonizadores e repoboadores, nunha realidade social e política que concibe como allea ao marco feudal imperante no Occidente (Pérez Prendes 1986). Ningunha destas dúas ideas e visións ten o máis mínimo encaixe na historia da Galicia medieval e, se cadra por esta razón, a postura dos integrantes da Xeración Nós cara á Idade Media, pode entenderse como reacción a esta visión castelancéntrica e agochadora do papel xogado por Galicia no medievo peninsular.

Hai, porén, algunha unha excepción. Ramón Cabanillas (1876-1959) no seu poemario *Na noite estrelecida* (1926) toma a materia de Bretaña, a xurdida arredor do mítico rei Artur, para vinculala con Galicia abrindo, como imos ver decontado, unha tradición que vai ir adquirindo certa entidade na literatura galega. Cabanillas xa tratara a materia artúrica nun poemario anterior (*O Cabaleiro do Sant Graal*, 1922) e imaxina aos cabaleiros da táboa redonda buscando un Graal que non é outro que unha sorte de redención espiritual e, mesmo, política, para Galicia.

Outro integrante da Xeración Nós que escribiu ficción ambientada na Idade Media foi o polígrafo Ramón Otero Pedrayo (1888-1976). Neste caso converte a Diego Xelmírez, como xa fixera Murguía, no protagonista da súa *A romeiría de Xelmírez* (1934). Nesta obra narra a demorada viaxe que o bispo compostelán realizara até Roma no ano 1104 co gallo de reunirse co Papa Pascual II e ir preparando a promoción eclesiástica da súa Sé.

3. A literatura da Galicia da posguerra e a nosa Idade Media

Nestes anos a produción literaria ambientada na Galicia medieval non é especialmente abundante. Porén hai algunha excepción rechamante e singular na que cómpre deterse xa que, ademais, ten un fío condutor común á maioría dos autores que imos mencionar. Este vínculo é a galeguización da «materia de Bretaña» que, tal e como vimos, comeza coa obra de Ramón Cabanillas.

O primeiro escritor galego desta xeración que tivo a Idade Media como espazo de recreación na súa obra foi Álvaro Cunqueiro (1911-1981), que co seu *Merlín e familia* (1955) seguiu a xeira de mesturar a «materia de Bretaña» coa realidade galega. Nesta obra o mago Merlín, ou a raíña Xenebra, viven e desenvolven as súas andanzas pola mindoniense terra de Miranda e non no mundo británico ou anxevino no que xurdira ese ciclo lendario e as súas derivacións xa propiamente literarias. Non é, xa que logo, unha mirada cara a unha Galicia medieval no seu sentido estrito pero si, como diciamos, unha galeguización dunha temática e duns personaxes esenciais na cultura do Occidente medieval.

Aínda que situado nas antípodas ideolóxicas de Cunqueiro, Xosé Luís Méndez Ferrín (1938) comparte co mestre mindoniense a súa fascinación polo mundo artúrico. Só tres anos despois da publicación da antes citada obra de Cunqueiro, Ferrín debuta cun libro de relatos, *Percival e outras historias* (1958), no que sobresae, precisamente, o conto dedicado ao cabaleiro artúrico. Como no texto cunqueiriano, o Percival de Ferrín vive no mundo contemporáneo aínda que, neste caso, nun ámbito urbano indeterminado. É un heroe loitador aínda que semella estar condenado ao fracaso último nas súas batallas (Lama 2002).

Ferrín mais Darío Xohán Cabana, autor que estamos a lembrar neste volume e do que pasamos xa a falar, mantiveron unha estreita relación literaria, política e persoal. De todos os xeitos, o interese de Cabana pola nosa Idade Media, foi moi superior ao que ten amosado o mestre celanovense e, de feito, creo que é o autor da literatura galega que se achegou máis ao mundo medieval. Paso, xa que logo, a tratar a relación do autor chairego coa Galicia medieval que considero é un dos eixes fundamentais da súa actividade literaria e ensaística.

4. Un medievalista de seu

O interese de Darío Xohán Cabana pola Idade Media parece vir de lonxe. Segundo as súas declaracións foi durante os anos de estadía en Vigo (1970-1975) traballando con Xosé María Álvarez Blázquez na editorial Castrelos, cando guiado polo editor e polígrafo vigués comezou ler aos poetas medievais, así como a profundar no estudo da historia (Blanco Torrado 2003). Alén dos precedentes literarios, Cabana

foi un moi bo coñecedor da nosa historia medieval que continuou estudando ao longo da súa vida. O feito de que a súa filla Alexandra estudara Historia, especializándose en Historia Medieval e mesmo acadando o título de Doutora cun estudo e edición do Tombo H da Catedral compostelá, non fixo máis que aumentar o achegamento do noso autor tanto ás fontes primarias da nosa Idade Media (aspecto no que, coido, é unha sorte de rara avis entre os nosos literatos) como aos estudos desenvolvidos sobre ela.

O medievo, algúns dos seus mitos e varios persoeiros ben destacados do que poderiamos definir como a súa «Alba de Gloria» persoal, aparecen ben cedo nos seus escritos. No seu poemario *Poesía do mar* que, malia ser publicado no ano 1989, foi escrito no 1983, hai unha parte na que Darío evoca a toda unha serie de heroes do xa clásico ciclo artúrico, como Merlín ou Galván, ou de personaxes reais da nosa historia como pode ser San Gonzalo ou, sinaladamente, o rei García de Galicia que tanta importancia vai ter na súa obra.

No mesmo ano da publicación do poemario que vimos de comentar, saíu do prelo o seu *Galván en Saor*. Con esta obra non fai senón continuar cunha tradición que, como xa se comentou, ten unha longa tradición na literatura galega. No caso de Darío, elixe como protagonista do seu relato a un integrante do círculo do rei Arturo apenas presente nas recreacións da materia de Bretaña feitas polos autores que precederon ao escritor de Roás nesta xeira. Mestura, ademais, no seu relato dous planos cronolóxicos paralelos: as vivencias do cabaleiro pola Terra Chá contemporánea enriba da súa motocicleta, e as que protagoniza na propia época medieval montado no seu cabalo.

Un ano despois do seu Galván publícase o libro de contos *Libros dos moradores* no cal os temas e personaxes da frutífera materia bretoa volven protagonizar parte dos relatos. Neste caso, ademais, fan a súa aparición algúns dos grandes poetas da Italia medieval polos que tanta fascinación sentiu o noso escritor, casos de Dante ou Petrarca. Velaí outro dos singulares eixes medievalizantes na intensa actividade de Cabana: o seu profundo coñecemento e, en moitos casos, con tradución ao galego, da lírica toscana tan influínte no Occidente medieval. De feito, cando se publicou este libro xa fixera a tradución ao galego do *Cancioneiro* de Petrarca (1989) e, nada máis e nada menos, que da *Divina Comedia* de Dante Alighieri (1990).

En 1992 edítase *Cándido Branco e o Cabaleiro Negro*, unha nova obra narrativa ambientada na Galicia medieval. De temática cabaleiresca, con reberetes de utopía social e política (a obra transcorre nunha illa como no clásico de Tomás Moro) o período medieval volve ser escollido polo autor chairego como escenario privilexiado na historia dunha Galicia que puido ser e pola que o escritor de Roás deveceu toda a súa vida.

Paréceme evidente que o seu cumio literario «medieval» non é outro que a súa monumental *Morte de rei* (1996). Se se pode aceptar que todo o que ten que ver co protagonismo de Galicia na historia peninsular ao longo de boa parte da Idade Media ten sido infravalorado, ou que o reino de Galicia foi obxecto dun exercicio de desmemoria consciente (Andrade Cernadas / López Carreira 2020), coido que

non hai maior exemplo de manipulación e deturpación histórica que a experimentada pola figura do rei de Galicia García (1065-1071). Unha manipulación que comezou ben cedo, na propia Idade Media, e que non foi máis que crecendo co paso dos séculos. No momento en que o autor de Roás emprende a escrita desta longa novela, os estudos históricos sobre García mailo seu reino eran pouco menos que inexistentes. Teño escrito e contado máis dunha vez que durante os anos nos que cursei a licenciatura en Historia na Universidade de Santiago (1981-1986), non son quen de recordar que nunca se nos falara deste rei, do seu reino e do seu reinado. Esa lagoa historiográfica foi, dalgún xeito, salvada pola novela de Darío, un autor que, cómpre non esquecelo, xa tivera ao rei galego como protagonista de varias obras anteriores a esta. Ademais penso que provocou unha reacción en parte da historia académica que, despois da saída do prelo da novela, comezou a interesarse por investigar e dar a coñecer esa parte esencial na historia do país. Non foi casualidade que eu mesmo me achegase ao estudo de García despois da publicación de *Morte de rei* (Andrade Cernadas 1997, 1999, 2001) ou que o mellor traballo histórico feito sobre o rei mailo seu reino, que é o de Ermelindo Portela (Portela 2001), sexa posterior á novela do autor de Roás.

Darío, é obvio, escrebe ficción mais neste caso ben e solidamente apoiada nos estudos históricos malia que, como veño de comentar, non eran os máis desenvolvidos neste aspecto naquela altura. De todos os xeitos, cómpre advertir que falamos dunha ficción apaixonada e nada imparcial. Na obra hai bos, ou moi bos, como o mesmo García, seus pais Fernando I e dona Sancha, e malos e, neste caso, tan malos que resultan fedorentos: Afonso VI, súa irmá a infanta Urraca, o alvazir de Coimbra Sisnando Davídiz e outros tantos. Pero esta belixerancia e parcialidade na escrita non é obstáculo para que, como xa sinalei, a obra estea solidamente documentada e apoiada nun coñecemento da historiografía e, mesmo das fontes primarias, pouco habitual. Á marxe de que a trama estea ben sustentada no coñecemento histórico, Cabana incluíu na novela un censo de personaxes de máis de cincuenta páxinas no que fai unha pequena biografía de cada un, mesturada con reflexións persoais e cunha lectura histórica crítica, persoal e analítica que amosa o extenso coñecemento da época por parte do noso autor. Ao mesmo tempo pon de manifesto o feito de que ten un criterio propio sobre os feitos e a realidade social e política na que se desenvolve a narración. En definitiva estamos a falar dunha excelente novela histórica que contribuíu, na miña opinión, de forma moi poderosa, a que os historiadores puxeramos a nosa atención nesta época, trama e circunstancias.

Apuntei aquí e acolá nestas liñas que levo escritas que Darío tamén coñecía ben as fontes primarias e non só os estudos históricos. Os anos oitenta e noventa do século XX foron un momento no que comezou a desenvolverse unha política de edición dunha parte da documentación galega medieval que estaba inédita en boa parte. Teño constancia persoal, xunto a outros argumentos que comentarei en breve, de que Cabana se achegou á lectura e estudo directo dalgunha desas colecciónes documentais esenciais no coñecemento da Galicia plenomedieval: Celanova, Samos, Oseira, Tombo A de Santiago, Lourenzá, Sobrado e tantos outros.

Ese coñecemento, polo miúdo, desas fontes primarias combinado co feito de que o noso autor estaba impregnado da cultura e das realidades do rural galego (do que a documentación medieval fala de xeito primordial) lle permitiu facer algunhas achegas propiamente históricas que cómpre salientar. Gustaríame destacar un traballo publicado na revista *A Trabe de Ouro* no ano 1997 titulado «Modios e moios. Notas sobre metroloxía galega medieval». Nel amosa ter manexado os documentos do Tombo de Celanova, os de Ramirás, Vilar de Donas ou os publicados nos *Portugaliae Monumenta Historica* mais, alén diso, cuestiona, cun gran sentido común e manexando a lóxica campesiña, ideas sobre os rendementos da agricultura medieval elaborados por historiadores académicos «de gabinete», profesionais e rigorosos, mais completamente alleos ás dinámicas da economía e a socioloxía campesiña que el levaba no seu ADN. As súas criticas e valoracións sobre esta cuestión e sobre algúns aspectos da metroloxía da época, son dun gran valor para os estudos medievais e cómpre telos en moita consideración.

Na súa polifacética obra hai aínda outro importante espazo relacionado coa Idade Media. Refírome ao seu labor como tradutor do que xa temos mencionado as súas versións ao galego de Petrarca máis da *Comedia* de Dante. Só estas contribucións serían máis que suficientes para considerar a Cabana como un dos tradutores dos clásicos ao galego máis sobranceiros. Máis non remata aquí o seu papel como galeguizador dalgunhas das obras líricas esenciais no Occidente medieval. Traduciu tamén outra obra de Dante (*Vida Nova*, 1994) e completou o seu ciclo toscano coa súa *Antoloxía do Doce Estilo Novo* (2004) e, por último, con *As floriñas de San Francisco* (2014). Canda a poesía da Italia medieval, nun home tan fascinado pola cultura medieval como o era o Darío, non podía faltar a súa ollada sobre outro dos ciclos líricos esenciais na Romania medieval. Estou a falar da lírica occitana que tanta influencia tivo no xurdimento do grande cancioneiro galego-portugués. O seu *Os trobadores de Occitania* (2011) é, ao meu entender, a súa contribución definitiva a un mellor coñecemento da cultura literaria do mundo medieval feita por e para os galegos.

Visto o que levamos comentado, coido que non é nada esaxerado definir boa parte da obra de Cabana como de temática e influxo medieval e, a el mesmo, como un medievalista de seu que cómpre ter en consideración alén do marco do mundo literario.

Eu, como historiador dedicado ao estudo da Galicia medieval, sinto pola súa obra unha grande admiración e penso que contribuíu dun xeito moi importante a un achegamento distinto e necesario á nosa Idade Media.

Grazas por tanto, Mestre!

Referencias bibliográficas

Andrade Cernadas, Xosé Miguel (1997): «Fuentes documentales para el estudio del rey García de Galicia», *Minius* 6, 41-50.

Andrade Cernadas, Xosé Miguel (1999): «El rey García de Galicia en las fuentes historiográficas medievales», *Actas del II Congreso Hispánico de Latín Medieval*. León: Universidad de León, vol. I, 211-216.

Andrade Cernadas, Xosé Miguel (2001): «Dos apostillas al estudio del rey García de Galicia», en X. Balboa López / H. Pernas Oroza (coords.), *Entre Nós. Estudios de arte, xeografía e historia en homenaxe ó profesor Xosé Manuel Pose Antelo*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 243-250.

Andrade Cernadas, Xosé Miguel / Anselmo López Carreira (2020): *O reino medieval de Galicia: crónica dunha desmemoria*. Vigo: Xerais.

Barreiro Fernandez, Xosé Ramón (2012): *Murguía*. Vigo: Galaxia.

Blanco Torrado, Alfonso (2003): «Darío Xohán Cabana», *Letras Chairegas* 4, 3-13.

González García, F. X. (2021): *Celtas, castrexos e romanos. Á procura dun pasado na historia de Galicia*: Vigo: Xerais.

Lama, M.ª Xesús (2022): «O Percival libertador de Xosé Luís Méndez Ferrín», *Cahiers Galiciennes* 2, 7-20.

Pérez-Prendes, José Manuel (1986): «Semblanza y obra de Don Claudio Sánchez-Albornoz», *La España Medieval* 8, 19-52.

Portela Silva, Ermelindo (2001): *García II de Galicia: el rey y el reino (1065-1090)*, Burgos: La Olmeda.

Sánchez Sánchez, Xosé M. (2010): «Antonio López Ferreiro. Un historiador en los inicios del medievalismo», *Compostellanum* 55 / 3-4, 503-515.